



Asignación de grupo no curso 2020-2021

Por mor da COVID 19, tanto o número de aulas dispoñibles como a súa capacidade veranse reducidas substancialmente no curso 2020-2021. Por esta razón, **non se poderán realizar cambios de grupo unha vez que os estudantes sexan asignados a grupos**. Se por algunha das circunstancias contempladas no [Regulamento da Facultade de Economía e Empresa de cambio de grupo](#):

1. Motivos laborais (artigo 3.1)
2. Motivos familiares (artigo 3.2)
3. Enfermidades ou discapacidades (artigo 3.3)
4. Transporte público (artigo 3.4)
5. Prácticas deportivas (artigo 3.5)
6. Actividades ensino artístico-musical (artigo 3.6)

hai algunha franxa horaria na que che resultaría **IMPOSIBLE** asistir a clase, pregámosche que cumprimentes este [formulario](#) para nolo comunicar **coa data límite do 4 de setembro** de 2020. Para acceder ao formulario necesitas dispor de enderezo electrónico da UDC (@udc.es).

Se for posible, tendo en conta os grupos existentes e a capacidade das aulas na situación actual, asignarémolche un horario fóra da franxa que che resulta incompatible. Estas asignacións rexeranse, en todos os aspectos, pola normativa de cambios de grupo. Terán preferencia as solicitudes que se deriven de motivos laborais, familiares ou enfermidade/discapacidade. En calquera caso, dadas as restricións actuais, non se pode garantir que se poidan atender todas as solicitudes.

Debido á situación excepcional por mor da Covid-19, teremos que ser especialmente estritos na apreciación das circunstancias alegadas e da súa debida xustificación, primando en todo caso a seguridade sanitaria. **Pregámosche que leas detidamente a normativa, e apelamos á túa responsabilidade para que non fagas esta solicitude a menos que a circunstancia alegada che impida realmente asistir a clase nunha determinada franxa.**

Unha vez realizada a asignación de estudantes a grupos, non antes do 15 de setembro, poderás consultar o teu horario en [espazos.udc.es](#).